



IX CERTAME LITERARIO: “Relatos de auga intelixente”

BASES DO CERTAME

O IX Certame Literario de VIAQUA ten como obxectivo contribuír á difusión da cultura da auga en todas as cidades e municipios nos que Viaqua presta servizo, así como fomentar a participación activa da mocidade no uso sostible da auga e o coidado do medio ambiente a través da literatura.

Participantes

- Poderán presentarse persoas de calquera nacionalidade, con lugar de residencia en España entre as idades de 12 e 17 anos, que cursen estudos en centros educativos e de Formación Profesional situados nos municipios nos que a empresa presta o servizo de subministración de auga. Estes municipios son: Arzúa, Santiago de Compostela, Santa Comba, Rianxo, Betanzos, O Carballiño, Cedeira, Pontevedra, Bergondo, Ourense, Neda, Ribeira, Chantada, Pobra do Caramiñal, As Pontes, Fene, Cambados, Coles, Sada, Valdoviño, Celanova, Barbadás, Toén, Pontedeume, Pereiro de Aguiar, Laracha, Baños de Molgas, Cabanas, Soutomaior, Val do Dubra, Ribadeo, Oroso, Rois, O Pino, Ortigueira, Viveiro, Tordoia, Laxe, Dodro, Pontearreas, Vedra, Vilaboa, Xinzo de Limia, Poio, Viana do Bolo, A Estrada.
- Estableceranse **tres categorías**: unha para o alumnado de 1º e 2º da ESO; outra, para o alumnado de 3º e 4º da ESO; e outra para Bacharelato/FP.
- Poden presentarse dous **tipos de relatos**:
 - o Relato curto clásico: un relato en formato narrativo **non superior a 200 palabras**.
 - o Relato curto creativo: un relato con formato aberto (poesía, cómic, fotografía e texto...) no que o texto non supere as 200 palabras.
- Cada autor/a poderá presentar **un máximo dun microrrelato inédito escrito en lingua galega ou castelá**.

Requisitos que deben reunir os relatos curtos

- Deberá estar escrito en ordenador, para o seu **envío por correo electrónico**. En caso do relato en formato creativo, pode conter texto escrito a man. En caso de non entender a tipografía, poderá ser motivo de descarte.
- **A temática ten que ser sobre a seca e como o consumo responsable da auga pode contribuir a mellorar a situación.**
- A finalidade é concienciar sobre a cantidade de auga que se pode aforrar con cambios nos nosos hábitos diarios e a realidade do problema da auga como recurso.
- Valorarase a presenza no relato curto dalgún sinal de identidade da cidade ou núcleo de poboación das persoas participantes, así como o coidado da gramática e da ortografía.

Prazos do certame

- Do 2 de novembro ata o día 23 de decembro de 2022 poderán entregarse os relatos. Os relatos gañadores publicaranse na web de Viaqua na semana do Día Mundial da Auga 2023.

Envío das obras

- As persoas participantes terán que enviar os seus relatos curtos en formato .doc, .docx, .odt ou .pdf vía correo electrónico, indicando no **asunto “IX Certame Literario Relatos de auga intelixente”** á dirección **certamenviaqua@gmail.com**

Enviaránse 2 documentos nun mesmo correo electrónico: o documento para o xurado co relato baixo o nome RELATO e o anexo DATOS, para a empresa, cos datos persoais cumprimentados.

Ø **DOCUMENTO RELATO** – Documento para o xurado. Este documento incluírá:

Título

Relato curto

Categoría: ESO ou BACHARELATO/FP

Tipo de relato: Clásico ou Creativo

Firmado cun pseudónimo

Ø **ANEXO DATOS**

- A presentación dos traballos supón a aceptación íntegra e incondicional das bases do certame polos participantes, así como a autorización dos mesmos para a publicación do relato por parte de Viaqua, ou calquera das empresas do seu grupo empresarial Agbar,

sen xerar a favor dos autores e autoras dereito a percibir contraprestación algunha salvo o que puidera resultar das presentes bases.

Aceptación implícita das bases

- O feito de participar neste certame implica a total aceptación e conformidade coas bases, así como o fallo inapelable do xurado.

Xurado e determinación dos gañadores

- O xurado cualificador do IX Certame Literario estará designado polos organizadores entre persoas vinculadas á creación literaria, o xornalismo, a educación e ao ámbito da auga no territorio no que está presente Viaqua.
- O xurado resérvase o dereito de non admitir no certame aqueles relatos curtos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe, ou que conteñan, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, lascivos, difamatorios ou calquera outro que atente contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/ou contra a orde pública, ou que vulneren dereitos de autor, de propiedade intelectual ou de terceiros. Así como aqueles relatos que non sexan considerados literarios, que non sexan entregados no formato que se pide e os que se entreguen fóra de prazo.
- O xurado seleccionará un primeiro, un segundo e un terceiro premio en cada categoría (1º e 2º ESO, 3º e 4º ESO e Bacharelato/FP) de Relato curto clásico e un primeiro, un segundo e un terceiro premio en cada categoría do Relato curto creativo. Premiaráse ao colexio que presente máis relatos, sempre que estes manteñan unha calidade sobresaínte.
- O xurado resérvase o dereito de outorgar un accésit ou deixar o premio deserto se a calidade das obras o requirise.

Comunicación aos finalistas

- Os organizadores do certame comunicarán vía telefónica e/ou e-mail aos finalistas o fallo do xurado e proporcionaránlles as instrucións pertinentes para celebrar a entrega de premios.

Entrega de premios

- **Premios:** entregaranse vales por 150€ (1º premio), 75€ (2º premio) e 50€ (terceiro premio) para todas as categorías. As persoas que resulten gañadoras poderán utilizalo no **comercio local** para **produtos deportivos, de papelería/librería ou tecnolóxicos**.
- **O centro educativo que presente maior número de relatos** recibirá un lote de libros sobre a auga e o medioambiente, ou mención especial que determine a empresa.
- Os nomes dos gañadores ou gañadoras, así como as persoas finalistas, publicaranse na sección de noticias da páxina web de Viaqua e nas súas redes sociais.

Acto de entrega de premios

- Celebrarase un acto de entrega de premios arredor da semana do 22 de marzo de 2023 (Día Mundial da Auga).

- A organización resérvase o dereito a publicar nunha edición especial unha selección dos relatos curtos presentados ás diversas edicións do concurso, sen devir por elo dereitos de autor.

Resolución de incidencias

- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado e os organizadores do certame.
- Para resolver calquera consulta sobre as presentes bases, estamos á súa disposición no correo electrónico **certamenviaqua@gmail.com**.

Exención de responsabilidade

- Viaqua e todas as sociedades dos seu Grupo empresarial organizadoras deste certame, quedan exoneradas de toda responsabilidade derivada de calquera incumprimento dos participantes en materia de dereitos de autor, propiedade intelectual, industrial ou de imaxe, así como de calquera outra responsabilidade que puidera derivarse do incumprimento ou cumprimento defectuoso destas bases, ou de normas legais aplicables, polos participantes no certame.

Protección de datos persoais (LOPD)

- Os datos solicitados serán tratados de conformidade coas bases do concurso, e teñen como único obxectivo contactar con aqueles/ as que resulten premiados/ as. Aínda que, de conformidade coas normativas afectas de protección de datos persoais, todos os datos fornecidos pasarán a formar parte dun ficheiro automatizado responsabilidade da empresa, coa finalidade de xestionar correctamente o concurso e cumprir coas finalidades especificadas nas presentes bases.

O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarán a cabo conforme á normativa vixente, para o que se deberá remitir un escrito dirixido á persoa de "Responsable de Seguridade LOPD de VIAQUA" á seguinte dirección R/José Villar Granjel 33,15890 Santiago de Compostela (A Coruña), achegando copia de documento que acredite a identidade do/a solicitante.

- A participación no presente concurso, implica a aceptación/autorización por parte dos participantes ao tratamento por parte de VIAQUA, dos datos persoais facilitados polos participantes, obrigándose VIAQUA ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, "RGPD"), os datos facilitados serán tratados de forma confidencial, de conformidade coa Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, incorporándose ao ficheiro de VIAQUA e destinaranse unicamente a proporcionar información sobre as diferentes actividades de VIAQUA. Se o desexa pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación ou cancelación de datos. A información sobre o tratamento de datos persoais que se leva a cabo como consecuencia da participación no Concurso está incluída neste documento.

Información básica sobre protección de datos persoais:

Información básica sobre protección de datos persoais:	
Responsable del tratamento	Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U.
Finalidades principais	· Xestionar a súa participación no Certame Literario Relatos de Auga Intelixente. Na edición que vostede se está a inscribir. · Difundir e publicar os relatos, imaxes e/ou vídeos que poidan conter imaxes de carácter persoal por medio da web, redes sociais, medios dixitais, publicacións corporativas ou calquera outros medios.
Finalidades adicionais	
Lexitimación	· As finalidades principais teñen como base legal a execución dun contrato.
Destinatarios	· Os seus datos persoais poderían comunicarse a terceiros para dar cumprimento a obrigacións legais. · Contrata servizos de almacenamento de datos a Microsoft Ireland, que subcontrata a Microsoft Corporation, situada en EEUU. Por iso, os seus datos poderían ser transferidos a EEUU, ao amparo do Privacy Shield e da decisión da AEPD sobre a licitud, en certas condicións, das transferencias realizadas á devandita entidade.
Dereitos dos interesados	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como a exercer outros dereitos, como se detalla na Información adicional sobre protección de datos persoais.
Información adicional	Pode obter información adicional sobre o tratamento dos seus datos persoais neste documento.

Información adicional sobre protección de datos:

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?

O tratamento dos datos persoais solicitados mediante formulario online da web de Viaqua, Xestión Integral de Augas e Galicia S.A.U., así como daqueles que se soliciten como consecuencia da participación no concurso, será responsabilidade de Viaqua, Xestión Integral de Augas e Galicia S.A.U. (en diante, "VIAQUA"), con domicilio sito en Rúa José Villar Granjel 33, 15890 Santiago de Compostela

(A Coruña). Se ten calquera dúbida sobre o tratamento da súa información persoal, pode contactar coa Delegada de Protección de Datos, mediante os seguintes puntos de contacto:

- Correo electrónico: dpo@viaqua.gal
- Correo postal Rúa José Villar Granjel 33, 15890 Santiago de Compostela

Con que finalidade trátanse os seus datos persoais? Durante canto tempo?

Os datos persoais solicitados mediante o formulario, así como aqueles que se soliciten como consecuencia da súa participación no presente concurso, serán tratados coas seguintes finalidades principais:

- Xestionar a súa participación no Concurso. Na edición na que vostede se está a inscribir, así como enviarlle información de actividades e eventos relativos ao mesmo, por exemplo a súa newsletter.
- Difundir e publicar os relatos, as imaxes e/ou vídeos de todos os participantes, por medio da propia web, difusión en redes sociais, medios dixitais, publicacións corporativas, ou calquera outros medios.

Os seus datos persoais serán tratados para as finalidades principais mentres sexan necesarios para xestionar a súa participación no Concurso e difundir as imaxes e/ou vídeos.

Cando finalicen os períodos indicados, os seus datos persoais conservaranse bloqueados durante o período en que puidesen derivarse calquera responsabilidades da execución do contrato ou de cada finalidade. Cando expiren tales responsabilidades, os seus datos persoais serán eliminados de forma definitiva.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

A base legal para o tratamento dos seus datos persoais para as finalidades principais é a execución dun contrato, en concreto a execución dunhas bases legais do Concurso dispoñible nesta ligazón.

Que medidas de seguridade implantáronse para protexer os seus datos persoais?

Os seus datos persoais serán tratados de maneira absolutamente confidencial. Así mesmo, implantáronse medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a seguridade dos mesmos e evitar a súa destrución, perda, acceso ilícito ou alteración ilícita. Á hora de determinar estas medidas, tiveronse en conta criterios como o alcance, o contexto e os fins do tratamento, o estado da técnica e os riscos existentes.

Existen outras entidades que poden ter acceso aos seus datos persoais para axudar a VIAQUA con algunha das tarefas?

VIAQUA conta con varios provedores que lle asisten na execución de distintas tarefas relacionadas co tratamento dos seus datos persoais.

Cédense os seus datos persoais a terceiros?

Os seus datos persoais comunicaránse a terceiros se é preciso para dar cumprimento ás obrigas legais que en cada caso corresponda.

Cales son os seus dereitos?

Dispón dos seguintes dereitos en materia de protección de datos:

Dereito	En que consiste?
Dereito de acceso	Consultar que datos persoais temos sobre vostede.
Dereito de rectificación	Modificar os datos persoais que temos sobre vostede cando sexan inexactos.
Dereito de oposición	Solicitar que non tratemos os seus datos persoais para algunhas finalidades concretas.
Dereito de supresión	Solicitar que eliminemos os seus datos persoais.
Dereito de limitación	Solicitar que limitemos o tratamento dos seus datos persoais.
Dereito de portabilidade	Solicitar que lle entreguemos nun formato informático a información que temos sobre vostede.
Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade competente	Presentar unha reclamación ante a autoridade competente para defender os seus dereitos, a través da páxina web www.aepd.es .

Para exercitar tales dereitos, basta con que envíe unha comunicación a www.aepd.es, ben por enderezo electrónica á dirección dpoviaqua.gal ou ben mediante correo postal á dirección postal Rúa José Villar Granjel 33,15890 Santiago de Compostela, coa referencia "Protección de datos". A solicitude deberá conter una copia do seu DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable. Se a solicitude non cumpre os requisitos especificados, poderá requirírselle que a subsane. O exercicio destes dereitos é gratuíto, se ben poderá cobrarse un canon cando as solicitudes sexan infundadas, excesivas ou repetitivas.